

17 ANOS FACENDO  
COMPOSTELA  
CONTIGO  
[WWW.AMALFESTIVAL.COM](http://WWW.AMALFESTIVAL.COM)  

# Jalí Jamal

Semana de Cine  
Euroárabe AMAL  
21-25 | outubro | 2019  
Teatro Principal  
Compostela

17 ANOS FAZENDO  
COMPOSTELA  
CONTIGO  
[WWW.AMALFESTIVAL.COM](http://WWW.AMALFESTIVAL.COM)  

**ORGANIZA:**

Fundación Araguaney-Puente de Culturas

[www.fundacionaraguaney.org](http://www.fundacionaraguaney.org)

**EQUIPO:**

Presidente da Fundación Araguaney-Puente de Culturas:

e Director da Semana de Cine Euroárabe Amal:

*Ghaleb Jaber Martínez*

Coordinador da Semana de Cine Euroárabe Amal:

*Dieco Castro Barrera*

ORGANIZA:



INSTITUCIÓN COLABORADORAS:



PATROCINADORES:





# CARTA DO DIRECTOR

## GHALEB JABER MARTÍNEZ

Hai 17 anos que empezamos esta aventura. É moito tempo, si, pero teño que recoñecer que me sigo emocionando como o primeiro día ao ver a cada un e cada unha de vós ocupar unha butaca neste cine, cada vez que vexo un cartel de Amal nas paredes de Santiago ou iluminarse a Porta Faxeira co rótulo que anuncia unha nova edición do Festival.

Facemos un festival de Cinema Euro-Árabe en Compostela porque esta é a nosa cidade, o lugar onde nacemos. Crecemos xogando na Praza Roxa, quedamos sen alento subindo a costa da Camelia, berramos ata quedar afónicos e afónicas no Fontes do Sar e choramos co descenso do Compos. Aprendemos a ruta dos soportais para protexernos da chuvia e para esquivar os peregrinos co fin de chegar puntuais á nosa cita con Amal.

Durante 17 longos invernos, rimos, choramos, soñamos xuntos e xuntas a través do cine. Sobrevivimos ao vento, á política e á crise para chegar ata aquí. Pero non sería posible sen ti. Como compostelán síntome orgulloso do noso público, xa que sodes vós os que facedes desta cidade un lugar marabilloso onde todo pode ser posible, incluso un festival de Cine Euro-Árabe como Amal.

**GRAZAS!**

**AMAL, 17 anos facendo Compostela contigo.**



Semana de Cine  
Euroárabe AMAL  
21-25 | outubro | 2019  
Teatro Principal  
Compostela

# XORNADA INAUGURAL

LUNS 21 OUTUBRO 20.00H  
TEATRO PRINCIPAL  
COMPOSTELA

Entrada de balde ata  
completar aforo.



PROXECCIÓN  
DOCUMENTAL:

## LA GUERRA EMPIEZA AQUÍ

Joseba Sanz | 2018 | España | 64'

INTERVENCIÓN  
POSTERIOR:

## SUPERMERCADO DE ARMAS: NEGOCIO Y PODER

Jesús Núñez Villaverde

Codirector del Instituto de Estudios sobre Conflictos  
y Acción Humanitaria (IECAH)

ORGANIZA:

INSTITUCIONES COLABORADORAS:



Xacobeo 2021

XUNTA  
DE GALICIA



PATROCINADORES:



EUROSTARS  
ARAGUANEY



LUNS 21 OUTUBRO  
20.00H  
TEATRO PRINCIPAL  
Entrada de balde ata  
completar aforo

# LA GUERRA EMPIEZA AQUÍ (DOC)

JOSEBA SANZ | 2018 | ESPAÑA | 64'

O 13 de marzo do 2017, Ignacio Robles, bombeiro de Biscaia, negouse a participar nun operativo de seguridade no porto de Bilbao. A manobra tiña como obxectivo o envío de toneladas de armamento fabricado en Euskadi a Arabia Saudita.

El 13 de marzo de 2017, Ignacio Robles, bombero de Vizcaya, se negó a participar en un operativo de seguridad en el puerto de Bilbao. La maniobra tenía como objetivo el envío de toneladas de armamento fabricado en Euskadi a Arabia Saudí.

On 13 March 2017, Ignacio Robles, a firefighter from Bizkaia, refused to take part in a security operation in the port of Bilbao. The aim of the maneuver was to send tons of weapons made in the Basque Country to Saudi Arabia.



**JOSEBA SANZ**

Nado en Bilbao no ano 1970, Joseba é director, fotógrafo e escritor, pero por encima de todo é activista polos dereitos humanos, o que o levou a involucrarse na plataforma 'A guerra empeza aquí'.

**MARTES 22 OUTUBRO  
20.00H  
TEATRO PRINCIPAL  
3€**

# **SKY AND GROUND (DOC)**

TAYLA TIBBON, JOSHUA BENNETT | 2018 | USA | 86'



'Sky and Ground' cónтанos a historia dos Nabi, unha familia siria-kurda que viaxa ilegalmente durante tres meses dende Aleppo a Alemaña. Un relato no que se mestura o medo coa esperanza por unha vida mellor.

'Sky and Ground' nos cuentan la historia de los Nabi, una familia siria-kurda que viaja ilegalmente durante tres meses desde Aleppo a Alemania. Un relato en el que se mezcla el miedo con la esperanza por una vida mejor.

'Sky and Ground' tells the story of Nabi, a Syrian-Kurdish family that travels illegally for three months from Aleppo to Germany. This story blends fear and hope for a better life.

## **TAYLA TIBBON E JOSHUA BENNETT**

Tayla é unha reputada produtora de cinema, escritora e directora de series e documentais cun marcado carácter social. A súa filmografía acumula máis de 20 títulos.

Joshua Bennett é un prolífico produtor audiovisual con máis de 10 títulos, entre documentais e series de televisión, ás súas costas. No ano 2017 dá o salto detrás da cámara e dirixe 'Os Comandos' a súa primeira curta documental.



MARTES 22 OUTUBRO  
22.00H  
TEATRO PRINCIPAL  
3€

# LOOK AT ME (FIC)

NEJIB BELKADHI | 2018 | CATAR, TUNES, FRANCIA | 96'

A vida de Lofti, un inmigrante asentado en Marsella, cambia drásticamente o día que recibe unha chamada do seu irmán desde Tunes. A súa ex-esposa acaba de sufrir un infarto e Lofti tense que facer cargo do seu fillo autista de 9 anos.

La vida de Lofti, un inmigrante asentado en Marsella, cambia drásticamente el día que recibe una llamada de su hermano desde Túnez. Su ex-esposa acaba de sufrir un infarto y Lofti tiene que hacerse cargo de su hijo autista de 9 años.

Lofti's life, as an immigrant settled in Marseille, changed drastically the day he received a call from his brother from Tunes. His ex-wife had a heart attack and Lofti had to take care of his 9-year-old son with autism.



## NEJIB BELKADHI

Nado en Tunes en 1972 estudou marketing e comunicación antes de dedicarse ao cinema, no que destaca non só como director senón tamén como actor e produtor.

MÉRCORES 23 OUTUBRO  
20.00H  
TEATRO PRINCIPAL  
3€



# YOMEDDINE (FIC)

ABU BAKR SHAWKY | 2018 | EXIPTO | 93'

Beshay nunca saíu da colonia de leprosos na que o abandonaron sendo un neno. Tras a morte da súa muller decide coller as súas escasas pertenzas e ir en busca das súas raíces xunto a Obama, un mozo orfo que se une a el no camiño.

Beshay nunca salió de la colonia de leprosos en la que lo abandonaron siendo un niño. Tras la muerte de su mujer decide coger sus escasas pertenencias e ir en busca de sus raíces junto a Obama, un joven huérfano que se une a él en el camino.

Beshay never left the leper colony where he was abandoned as a child. After the death of his wife, he gathered up his few belongings and along with Obama (a young orphan who joined him) they went in search of their roots.



ABU BAKR  
SHAWKY

Abu Bakr Shawky é un escritor e director de cinema de orixe exipcio-austríaco que marabilou a crítica e público con 'Yomeddine', a súa primeira longametraxe. O filme foi seleccionado para participar no Festival de Cinema de Cannes en 2018.

MÉRCORES 23 OUTUBRO  
22.00H  
TEATRO PRINCIPAL  
3€

# HAMADA (DOC)

ELOY DOMÍNGUEZ | 2018 | SUECIA, NORUEGA, ALEMAÑA | 89'

Con vitalidade e humor, 'Hamada' traza un retrato insólito dun grupo de mozos amigos que viven nun campamento de refuxiados no medio do deserto do Sáhara. Xuntos usan o poder da creatividade e a diversión para denunciar a realidade que lles rodea e, así, expandirse máis aló dos límites do campamento.

Con vitalidad y humor, 'Hamada' traza un retrato insólito de un grupo de jóvenes amigos que viven en un campamento de refugiados en medio del desierto del Sáhara. Juntos usan el poder de la creatividad y la diversión para denunciar la realidad que les rodea y expandirse más allá de los límites del campamento.

'Hamada' draws an unusual portrait of a group of young friends who live in a refugee camp in the middle of the Sahara desert, with humor and vitality. Together they use the power of creativity and fun to expose the reality that surrounds them and expand way beyond the limits of the camp.



ELOY  
DOMÍNGUEZ

Nado en Simes no ano 1985, Eloy estudiou en Salamanca, Milán e Barcelona para trasladarse posteriormente a Suecia. Dirixiu sete obras entre curtas e longametraxes e foi profesor de cinema nos campamentos saharauís.

## COLOQUIO POSTERIOR

### PO, ÁREA E SOÑOS: UN ACHEGAMENTO Á REALIDADE DO SÁHARA OCCIDENTAL.

Eloy Domínguez Serén (Director do filme 'Hamada') e Wage Kori (Saharauí residente en Galicia)

XOVES 24 OUTUBRO  
20.00H  
TEATRO PRINCIPAL  
3€

# SOUFRÁ (DOC)

THOMAS MORGAN | 2017 | O LÍBANO, USA | 73'

'Soufra' narra a historia de Mariam Shaar, unha muller nada no campo de refuxiados palestinos de Burj El Barajneh (Beirut) que trata de crear unha empresa de catering como medio de supervivencia económica, social e persoal para as mulleres da súa comunidade.

'Soufra' narra la historia de Mariam Shaar, una mujer nacida en el campo de refugiados palestinos de Burj El Barajneh (Beirut) que trata de crear una empresa de catering como medio de supervivencia económica, social y personal para las mujeres de su comunidad.

'Soufra' tells the story of Mariam Shaar, a woman born in the Palestinian refugee camp in Burj El Barajneh (Beirut). Here, she tries to set up a catering company as a means of economic, social and personal survival .



THOMAS  
MORGAN

Thomas é un director de cinema social. As súas películas más aclamadas, 'Soufra' e 'Waiting for Mamu' narran historias de persoas que superan as dificultades para axudar á súa comunidade.

XOVES 24 OUTUBRO  
22.00H  
TEATRO PRINCIPAL  
3€

# MAFAK - SCREWDRIVER (FIC)

BASSAM JARBawi | 2018 | PALESTINA, USA, CATAR | 108'

Despois de 15 anos de prisión Ziad non recoñece o mundo que o rodea. A tecnoloxía cambiou, a sociedade non é a que era e empeza a comprender que os seus problemas non son só sociais, senón tamén psicolóxicos. Ziad sente que a súa única escapatoria pasa por volver ao momento no que se atopaba 15 anos atrás, con todo o que iso implica.

Después de 15 años de prisión Ziad no reconoce el mundo que le rodea. La tecnología ha cambiado, la sociedad no es la que era y empieza a comprender que sus problemas no son solo sociales, sino también psicológicos. Ziad siente que su única escapatoria pasa por volver al punto en el que se encontraba 15 años atrás, con todo lo que eso conlleva.

After 15 years in prison, Ziad doesn't recognize the world around him. Technology has changed and society is not what it used to be. He then starts to understand that his issues are not only social but also psychological. Ziad feels that his only way out is, with all that that entails, to go back to where he was 15 years ago.



**BASSAM  
JARBawi**

Bassam traballou como fotógrafo durante a segunda Intifada palestina e trasladouse aos Estados Unidos para acabar os seus estudos de comunicación e cinema. Alí produciu varias curtas e documentais entre elles 'Ghost Hunting', gañadora do mellor documental na Berlinale 2017. 'Mafak' é a súa primeira longametraxe.

**VENRES 25 OUTUBRO  
20.00H  
TEATRO PRINCIPAL  
3€**



# RENAULT 12 (DOC)

MOHAMED EL KHATIB | 2018 | FRANCIA, BÉLXICA, MARROCOS | 78'

Pouco despois do pasamento da súa nai, Mohamed El Khatib (actor e director do filme), recibe unha chamada de teléfono do seu tío para que acuda co vello Renault 12 familiar ao Rif marroquí para recoller a súa heranza.

Poco después de la muerte de su madre, Mohamed El Khatib (actor y director del film) recibe una llamada de teléfono de su tío para que acuda con el viejo Renault 12 familiar al Rif marroquí, para recoger su herencia.

Shortly after his mother's passing, playwright and stage director Mohamed El Khatib receives a phone call from his uncle in Bab Berred, the family's village in the Moroccan Rif, instructing him to come as soon as possible to collect his inheritance.



**MOHAMED EL  
KHATIB**

Mohamed El Khatib naceu en Francia. De pequeno apuntaba maneiras no fútbol pero unha lesión de xeonlllo afastouno da canteira do PSG. Tras acabar os seus estudos comeza traballar en teatro como dramaturgo e director de numerosas obras.

VENRES 25 OUTUBRO  
22.00H  
TEATRO PRINCIPAL  
3€

# CAPHARNAÜM (FIC)

NADINE LABAKI | 2018 | O LÍBANO, FRANCIA | 126'

Zain, un neno de doce anos intelixente e valente, sobrevive aos perigos das rúas da cidade grazas ao seu enxeño. Fuxindo dos seus pais e facendo valer os seus dereitos, recorre á xustiza para demandalos polo 'crime' de darrle a vida.

Zain, un niño de doce años inteligente y valiente, sobrevive a los peligros de las calles de la ciudad gracias a su ingenio. Huyendo de sus padres y haciendo valer sus derechos, recurre a la justicia para demandarlos por el 'crimen' de haberle dado la vida.

Zain, a smart and brave twelve-year-old boy, survived the dangers of the city streets by his wits. After running away from his parents and asserting his rights, he takes court action to sue them for the 'crime' of bringing him to life.



## NADINE LABAKI

Actriz e directora de cinema libanesa, Nadine é actualmente unha das maiores referentes do cinema árabe contemporáneo e destacou tamén na súa faceta como directora de publicidade e videoclips. Con 'Capharnaüm' foi nomeada aos Óscar e os Globos de Ouro e recibiu o premio do xurado no Festival de Cannes.



# **MUESTRA CINE LATINOAMERICANO ARAGUANEY**

**Mayo 2020**

**Compostela | Salón Teatro**



**C**

**Compostela  
Cultura**

[compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)




**NETFLIX**



**O SABOR  
DAS MARGARIDAS**

**2<sup>a</sup> TEMPADA**

TELEVISIÓN DE GALICIA





CANEY



MENÚ ÁRABE AMAL



# “ LO ESCOJO POR... ”

- Sus fantásticas habitaciones señoriales
- Las exquisitas propuestas del Restaurante Caney
- Un lugar emblemático y con personalidad
- Desprende arte por todos sus poros

## I CHOOSE IT FOR...

- *Its fantastically distinguished-looking rooms*
- *The Caney Restaurant's exquisite proposals*
- *An emblematic place with personality*
- *Oozing art from every pore*

## ESCÓLLOO POR...

- As súas fantásticas habitacións señoriais
- As exquisitas propostas do Restaurante Caney
- Un lugar emblemático e con persoalidade
- Desprende arte por todos os seus poros

“

Lo importante no es  
qué hotel eliges sino  
por qué lo eliges”



EUROSTARS  
ARAGUANEY

★★★★★

GRUPO  
HOTUSA



TELEVISIÓN DE GALICIA

# Cadena SER y la cultura: Nacidos de la pasión.



**20.00H**

LUNS 21



INTERVENCIÓN  
POSTERIOR:

## SUPERMERCADO DE ARMAS: NEGOCIO Y PODER

Jesús Núñez Villaerde  
Codirector del Instituto de Estudios sobre Conflictos  
y Acción Humanitaria (IECAH)

**22.00H**

MARTES 22



MÉRCORES 23



XOVES 24



VENRES 25



17 ANOS FACENDO  
COMPOSTELA  
CONTIGO

[WWW.AMALFESTIVAL.COM](http://WWW.AMALFESTIVAL.COM)  